

Coa publicación de *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, Xavier Lama (Santa Euxea, Guntín, 1962) conseguiu acadar o V Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. Lama atinxi semellante galardón grazas á orixinalidade que conquistou o xurado, e que parte dunha situación caótica na cidade de Néboa: unha confusión tal que obriga a un ritmo frenético para quen le dende o comezo até o fin.

O orixinal argumento deste texto gobernado pola fantasía –que vén acompañado, ademais, das ilustracións d'aman de José Tomás nas cales predomina un austero, pero ben intenso xogo cromático– preséntanos, entón, a Néboa: un-

Sorprendente desenlace

Humor e axilidade

PAULA FERNÁNDEZ



ha cidade na que reina o caos, un espazo onde os reloxos deixaron de funcionar, ninguén sabe por que, pero cuxos efectos sobre alcaldesa e mais no conxunto da poboación se manifestan en forma de furia e pesadelos. A procura da solución a este problema levará de cabeza a Lupita Grande e a Hipócrates Verruga, até chegarmos a un desenlace sorprendente que amosa unha reivindicación

aínda máis increíble que a que parecía existir no comezo.

O misterio dende o aparente absurdo e os característicos e numerosos personaxes, cativadores pola súa extravagancia, enchen a obra dun ton humorístico que non desaparece en ningunha escena. Un ton que ligado ao ritmo áxil dos diálogos, dos versos recitados no medio destes e da música proposta fan desta unha lectura moi divertida merecedora sen dúbida do recoñecemento acadado. Os lectores de certo que haberían de gozar tamén coa súa representación: todo un reto para quen se atreva!

LAMA, Xavier, Os reloxos preguiceiros de Néboa, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 14 €